

ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 19 xaneiro 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

ESCOITANDO AS ESTRELAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Peter Moore, trombón

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Paul Daniel



PROGRAMA

I

JESSIE MONTGOMERY (1981-)

Starburst (Estalido estelar)*

HENRI DUPARC (1848-1933)

Aux étoiles (Ás estrelas)

JONATHAN DOVE (1959)

Stargazer (Astrónomo), concerto para trombón e orquestra

Peter Moore, trombón

II

ANTONÍN DVORÁK (1841-1904)

Sinfonía núm. 6 op.60, B.112, en Re maior

Allegro non tanto

Adagio


Scherzo (Furiant): Presto

Finale: Allegro con spirito

*Estrea en España

Duración aproximada do concerto: 670 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director

Paul Daniel

Trombón

Peter Moore

VIOLÍNS I

James Dahlgren

(concertino)

Adriana Winkler

(axuda de

concertino)

Anca Smeu **

Claudio Guridi

Anna Alexandrova

Michal Ryczel

Victoria Jurov

Yulia

Petrushevskaya

Ilya Fisher

Ildiko Oltai

Ramón

Rodríguez-Pena ***

Juan Pablo

Calderón ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Irina Gruia

Gyula Vadaszi

Samira Ajkic

Helena Sengelow

Enrique Roca

Kiyoko Ohashi

Celia Montañez ***

Daniel Rodríguez ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *

Natalia Madison **

Timur Sadykov

Oxana Bakulina

Ionela Ciobotaru

Anne

Schlossmacher

Iriana Fernández

Fernando Fresno ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Barbara Switalska **

Millán Abeledo

Carlos García

Thomas Piel

Manuel Lorenzo

Iryna Morozova ***

Robrecht

de Roeck ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Amador del Pozo

Pablo Rincón ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

Carmen Ferreiro (R)

Carlos Cascales ***

ÓBOES

Christina Dominik *

Esther Viúdez **

Rosalba Olivares ***

CLARINETES

Vicente López *

Bernardino

Assunção (R)

Miguel Peñarroja ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

Belén Carril ***

TROMPAS

Jordi Ortega *

Xavier Ramón **

Alfredo Varela *

Joan García ***

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llátser **

Carlos López ***

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)

Juan Luis Novo (R)

Brais Molina (R)

TUBA

Hugo Portas (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Diego Ventoso (R)

Sergio Sanchís (R)

Gonzalo Otero ***

ARPA

Bluenn Le Fric

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

PAUL DANIEL DIRECTOR

Foi director principal e artístico da Real Filharmonía de Galicia desde 2013 ata 2022, sendo tamén o Director Musical da Orquestra Nacional de Bordeos desde o 2013 ata o 2021. Ocupou o mesmo cargo na Orquestra Sinfónica de Australia Occidental en Perth de 2009 a 2013 e ten actuado como director invitado coas principais orquestras e compañías de ópera de todo o mundo, ademais de ocupar varios postos permanentes. De 1997 a 2005 foi director musical da English National Opera; de 1990 a 1997 foi director musical de Opera North e director principal da English Northern Philharmonia; e de 1987 a 1990 foi director musical da Opera Factory. Entre os seus compromisos como convidado de ópera atópanse a Royal Opera House, Covent Garden, La Monnaie de Bruxelas, a Bayerische Staatsoper de Múnic, a Deutsche Oper de Berlín, a Semperoper de Dresde e a Metropolitan Opera de Nova York.

Os compromisos orquestrais de Paul Daniel inclúen actuacións coa Philharmonia, a Filharmónica de Londres, a OAE (coa que gravou *Elijah* para Decca), a Orquestra Sinfónica da Cidade de Birmingham, a Academia de Música Antiga, a Orquestra de París, a Orquestra Sinfónica da Radio

de Baviera, a Gürzenich-Orchester Köln, a Gewandhaus de Leipzig, a Filharmónica da Radio dos Países Baixos, a Filharmónica de Tampere, a Orquestra de Cleveland, a Sinfónica de Milwaukee, a Filharmónica de Nova York e a Filharmónica de Los Ángeles.


Os seus plans operísticos recentes e futuros inclúen *Lucrezia Borgia* e *As vodas de Fígaro* para a English National Opera, *Gloriana* para o Covent Garden, un novo encargo de Judith Weir para o Festival de Bregenz e o Covent Garden, *Lulu* para La Monnaie de Bruxelas, un programa dobre de *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* para a Opera National de París, *Les Troyens* para a Deutsche Oper de Berlín, *Hänsel und Gretel* en Zúric, *A Village Romeo and Juliet* para a Ópera de Frankfurt e *Werther* para o New National Theatre de Toquio. No verán de 2019 Paul Daniel dirixiu a estrea mundial de *The Thirteenth Child* de Poul Ruders en Santa Fe, e *Elektra*, *Tristan und Isolde* e *Die Walküre* en Bordeos. Os seus compromisos orquestrais inclúen concertos coa Filharmónica da BBC, a Royal Philharmonic, a Sinfónica de Hamburgo, a Rundfunkorchester de Múnic, a Academia Nacional de Música de Australia, a a Nova Orquestra

2023

Nacional de Gran Bretaña e o Festival de Bregenz.

As súas numerosas gravacións inclúen o exitoso CD da *Terceira Sinfonía* de Elgar en Naxos, e unha discografía en expansión coa Orquestra Nacional de Bordeos. A súa interpretación de *Lulu* para La Monnaie, con Barbara Hannigan no papel principal, foi editada nun premiado DVD.

Dos premios que recibiu destaca un Olivier pola súa aportación á ópera e un Gramophone pola súa serie sobre música inglesa gravada co selo Naxos. Nos New Year's Honour do ano 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

PETER MOORE TROMBÓN

“Moore desprega unha elocuencia e unha nobreza que un podería crer imposible se non fora pola voz humana” - as palabras da BBC Music Magazine, ao amosar o seu álbum de debut “Life Force”, publicado en xuño de 2018.

Peter Moore asombra ao público internacional cunha expresión directamente desde a alma e unha técnica maxistral, complementada pola súa ilimitada versatilidade e a súa conexión persoal instantánea. Saltou de estrela emerxente a converterse nun dos expoñentes clave do seu instrumento.

En 2018/19, como parte do programa BOTO Rising Stars, Moore deu recitais en lugares como o Musikverein de Viena, o Concertgebouw de Ámsterdam, a Elbphilharmonie de Hamburgo, a Filharmónica de Colonia e o Barbican Centre de Londres. Realizou xiras de recitais pola China, o Xapón, Corea, Australia e América do Sur, exhibindo unha ampla gama de repertorio, desde música barroca temperá ata transcrições de Lieder románticos, á vez que presentaba a novos públicos obras orixinais para trombón.

Como solista, Moore actuou coa Orquestra Sinfónica de Londres, a

Orquestra Sinfónica da BBC, a BBCNOW, a Orquestra de Concertos da BBC, a Orquestra do Ulster, a Sinfónica de Lucerna e a Orquestra de Cámara Polaca. Aparece con frecuencia en BBC Radio 3 e foi Artista de Nova Xeración entre 2015-2017. Realizou múltiples actuacións no Wigmore Hall e en 2018 debutou nos Estados Unidos no festival de Spoleto. As estreas mundiais de Francisco Coll, Roxanna Panufnik e a estrea no Reino Unido do *Concerto para trombón* de James Macmillan significan o desexo de Peter de levar o trombón á vangarda da música contemporánea.


Peter chamou a atención a nivel nacional en 2008, á idade de doce anos, cando se converteu no gañador máis novo do premio BBC Young Musician. É o trombón principal da Orquestra Sinfónica de Londres e, ademais da súa carreira como intérprete, é profesor de trombón na Royal Academy of Music.

Peter Moore é un artista internacional de Getzen e toca co Getzen 41471B.

Henry Duparc xa se dedicaba á música cando era alumno nos xesuítas en Vaugirard e estudaba piano e composición con César Franck. Tras a guerra franco-prusiana, Duparc reunía na súa casa músicos e escritores como Fauré, Lalo, Chausson, Castillon, Saint-Saëns, Benoît, Chabrier entre os que xurdiu, en 1871, a idea de crear a Société Nationale de Musique, da que Duparc foi secretario, momento no que se dedicou exclusivamente a compoñer, escribindo pezas para orquestra como a *Suite d'orchestre* e *Poème Nocturne*. A finais da década de 1880 Duparc, xunto con Franck e o seu amigo Vincent d'Indy, comezou a compoñer a súa ópera *La Roussalka* baseándose no poema dramático de Pushkin, ansioso por darlle á ópera francesa unha nova vida inspirándose nas teorías wagnerianas. Deste ambicioso proxecto —reelaborado durante anos— sobreviven dous fragmentos sinfónicos: unha *danse lente* completada a mediados da década de 1890 e *Aux étoiles*. Este nocturno foi revisado e orquestrado en 1910, nun período no que viviu en Vevey (Suíza), pola insistencia do director de orquestra Ernest Ansermet e cuxo título e quizais parte do texto musical veñen do primeiro movemento do citado *Poème Nocturne*, estreado en 1874 na

súa sociedade musical e agora perdida. Cando traballaba na partitura, escribiulle ao seu alumno, Jean Cras: “Non podo contarlle a dificultade verdadeiramente grave que estou tendo con estas doce páxinas de escritura orquestral: cando compoño a harmonía, non podo ver o cuarteto, e viceversa, e a miña moi pobre memoria non me serve: cada vez que releo páxinas que cría rematadas definitivamente, encontro erros, e paso o tempo riscando, borrando e comezando de novo...” pero tamén a definiu como “case un suspiro” e “dozura incorpórea”. Así, co seu clima sereno, etéreo, como unha ampla meditación que parece dilatarse longo tempo ata a radiante conclusión, *Aux étoiles* foi estreada en Montreux, con éxito inmediato.

A neoiorquina Jessie Montgomery é unha recoñecida compositora, violinista e profesora galardoada con premios como o Leonard Bernstein da ASCAP Foundation ou a Sphinx Medal of Excellence, outorgado por The Sphinx Organization, que apoia novos instrumentistas de corda afroamericanos e latinos. Montgomery forma parte do ensemble Sphinx Virtuosi do que foi compositora residente como tamén o



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

foi da Sinfónica de Chicago. Desde o seu activismo aborda a desigualdade social, unha das razóns polas que a Filharmónica de Nova York incluíuna no seu Proxecto 19 que conmemorou o centenario da obtención do dereito ao voto das mulleres estadounidenses coa ratificación da Emenda 19 de 1920. O seu amplo catálogo abrangue pezas de cámara, vocais, corais e orquestrais, algunhas delas encomendas da Orpheus Chamber Orchestra, Chicago Sinfonietta, a Pam Tanowitz Dance para o Festival Bard SummerScape ou a presentación de *Banner* (para o 200 aniversario de The Star-Spangled Banner) estreada no Reino Unido nos Proms de 2021. A súa escrita entrelaza música clásica con elementos da música vernácula, a improvisación, a poesía e a conciencia social, o que a converte nunha intérprete do son e a cultura estadounidense do século XXI e as súas obras fundamentalmente sentidas describiunas The Washington Post como “turbulentas, tremendamente coloridas e cheas de vida”. Orixinalmente, Montgomery compuxo a breve peza *Starburst* para formación de cordas, pero está arranxada para orquestra de cámara por Jannina Norpoth. Segundo a propia compositora “é un xogo de imaxes de cores musicais que cambian rapidamente. Os xestos

explosivos xustapóñense con suaves melodías fugaces nun intento de crear unha paisaxe sonora multidimensional”. Descríbeo en termos cósmicos, dicindo que “reflicte a definición común dun estalido estelar: ‘a rápida formación dun gran número de novas estrelas nunha galaxia a un ritmo o suficientemente alto como para alterar a estrutura da galaxia’ préstase case literalmente á natureza do conxunto que estreou a obra. “O Sphinx Virtuosi mais eu escribimos a peza coa súa dinámica en mente”. *Starburst* explota desde a primeira nota, e as cordas manteñen ao ouvinte nervioso con tons aceirados e desafinados e un ritmo persistente que lembra á partitura de Bernard Hermann para o filme *Psicose*. As cordas pulsadas filtranse a través dunha sección lírica media e o ritmo agudo regresa axiña a medida que o conxunto aborda harmonías cada vez máis complexas antes de pechar cunha nota abrupta.

Tras a súa formación en piano, órgano, viola e composición con Robin Holloway en Cambridge, o londiniense Jonathan Dove traballou como pianista acompañante, repetidor e arranxista. Ademais, Dove, interesouse na complexidade do teatro da ópera acompañando os ensaios e deseñando

proxectos divulgativos para compañías deste xénero ata chegar a formar parte do cadro artístico de Glyndebourne onde desenvolveu os seus primeiros proxectos compositivos profesionais como *Hastings Spring*, *Dreamdragons* ou *In Search of Angels*, pero tamén nas versións de óperas como *Falstaff*, *A Cincenta* ou unha audaz proposta para 18 instrumentos do ciclo completo d'*O Anel* de Wagner. Coa súa música, Dove ten un forte desexo de comunicar, entreter e provocar experiencias transformadoras, a súa linguaxe musical brinda a intérpretes e directores, ricas posibilidades de interpretación polo que ten encargas procedentes de todo o mundo, traballos premiados en infinidade de países. Unha desas obras é *Stargazer*, que xorde cando, en 1999, Ian Bousfield (trombón da Sinfónica de Londres) pídelle un concerto para trombón cun enfoque máis lírico que as composicións habituais para o instrumento. Segundo o propio autor escribiu “unha ópera en miniatura para o trombón [...] A imaxe que comezou a desenvolverse na miña imaxinación era a do trombonista como un home cun telescopio, un astrónomo, buscando no ceo nocturno. A orquestra representaría as constelacións que observou e respondería ao que viu. Mentres escribía, a melodía infantil

Twinkle, twinkle, little star seguía vindo á miña mente [...] mais a melodía insistiu e finalmente, toda a peza converteuse nunha fantasía”. *Stargazer* está escrito nun movemento continuo, pero dividido en seis seccións nas que o astrónomo (trombón) establece un intenso diálogo cos diferentes grupos estrelas (as distintas seccións orquestrais); unha sucesión de pezas de xénero con fluidez que representan as diversas constelacións que se abren á vista. Un aria central, chea de suspiros e esvaramentos descendentes de trombón, representa o amor fraternal en Xémini. Pegasus aparece cun luxoso baixo de jazz para finalizar cunha evocación calidoscópica da Vía Láctea.

A música de Dvorák presenta, nos seus inicios, a influencia de Beethoven e Schubert, unha pegada innegable de Wagner (detectable nas súas óperas) e a marca de Brahms no emprego das formas. Fiel investigador do folclore do seu país, o influxo de Smetana advírtese na súa madurez, ao revestirse da conciencia nacionalista que percorría Europa. A mediados da década de 1870, eses elementos de compositor maduro comezaron a tomar a forma: as melodías líricas nun subministro case ilimitado, o


REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

ardente espírito bohemio das paisaxes musicais co brillo da exuberancia, a expresividade alentada pola tenrura sen afogar co sentimentalismo e un dominio maxistral da orquestración e das formas clásicas. A *Sexta Sinfonía* foi a primeira editada por Simrock e impresa co nome de *Sinfonía núm. 1 op. 60*. Precursora da madurez de Dvorák escribiuna para cumprir unha promesa feita ao director Hans Richter quen estivo encantado co resultado, non tanto algúns músicos da Filharmónica de Viena, que tiñan voz na selección do repertorio. Richter, incapaz de anular as súas obxeccións, non puido dirixir a estrea en Praga en 1881, nin en Viena e tivo que esperar a facelo en Londres no ano seguinte. A Sinfonía está na mesma tonalidade de Re maior que a *Segunda Sinfonía* de Brahms e esperta ao ouvinte con algúns dos ritmos cruzados do compositor alemán mais tamén conxura unha imaxinería beethoveniana sorprendentemente forte, tanto de espírito como de deseño. O primeiro movemento é un lugar de grandes contrastes, ás veces violentos como o tema principal, excesivamente sinxelo e folclórico, que medra ata alcanzar proporcións grandiosas. O *Adagio* basease en gran parte na melodía principal e é profusamente romántico na súa procura da alusión poética. O

sentimento, o arrebatado dramático, a cor orquestral intensa e un sentido de gracia permanente combinan para dotar ao movemento dunha notable atmosfera de realidade e irrealidade. A primeira destas calidades ponse de manifesto no *Scherzo-Furiant*, a única música abertamente folclórica da obra, co seu enérxico tema principal e un trío de ritmo máis lento que contrasta co tema que o rodea. Un final expansivo en cantidade e expresividade, ábrese de xeito que lembra de novo á *Segunda Sinfonía* de Brahms. No *Allegro* final regresa unha paisaxe musical desenvolvida con viveza que é tan distintivamente dvoraquiano como bohemia con conclusión enérxica e triunfal.

2023



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 26 xaneiro 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

PAISAXE BARROCA

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

Jonathan Cohen, director

- Antonio Vivaldi: Concerto para cordas en Sol menor, RV 156
- Johann Sebastian Bach: A arte da fuga, BWV 1080: Contrapunctus I
- George Frideric Händel: Concerto grosso en La menor núm. 4, op. 6
- Johann Sebastian Bach: A arte da fuga, BWV 1080: Contrapunctus VII
- Pietro Locatelli: Concerto grosso en Mi bemol maior, op. 7, núm. 6 "Il Pianto D'Arianna"
- Francesco Geminiani: Concerto grosso en Re menor, H. 143 "La Folia"
- Franz Joseph Haydn: Sinfonía núm 6 en Re maior "Le matin"

Xoves 2 febreiro 2023

Auditorio de Galicia, 11:00 h

Venres 3 febreiro 2023

Auditorio de Galicia, 11:00 h

Sábado 4 febreiro 2023

Auditorio de Galicia, 18:30 h

PAISAXE BARROCA

CONCERTOS DIDÁCTICOS

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

Javier Otero, composicións, piano e electrónica



C

Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA